

Referencia:	2021/972L
Procedemento::	Aprobación de las Bases de Convocatoria de Subvenciones
<b>NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (16)</b>	

*Adamantino Barreiro García, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, CERTIFICO, que a Xunta de Goberno adoptou, na sesión ordinaria do día 1 de marzo de 2021, o seguinte acordo:*

1º) Modificar os apartados 1 c) e 1 d) da base segunda das que rexen a convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos para o ano 2021, quedando co seguinte contido:

- En relación ao recollido na base segunda, 1-d, que indica que os clubs deberán posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta e para os clubs que compitan en disciplinas individuais establecer como requisito básico posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición, dadas as circunstancias excepcionais indicadas anteriormente, este requisito non se valorará como excluín-te, analizándose con detalle se a federación da que dependen, convocou ou non, as correspondentes competicións. Para os efectos de acreditación deste extremo, e de non ser posible achegar as licenzas federativas, os solicitantes deberán acompañar un certificado co número de licenzas da última tempada, expedido pola respectiva federación.
- O mesmo criterio, non excluín-te, utilizarase para o indicado na mesma base segunda, 1-c, cando fala da participación da entidade en competicións oficiais. Para os efectos de acreditación deste extremo, os clubs deberán achegar como acreditación un certificado expedido pola respectiva federación, indicativo da inexistencia de competicións oficiais.

2º) O resto das condicións establecidas nas bases da convocatoria, mantéñense invariables.

3º) Publicar o correspondente acordo no BOP para coñecemento e efectos oportunos.

Para que conste, e ao abeiro do disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades ocais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expido esta certificación, co visto e praxe da Presidencia.